



PLAN DIXITAL

IES LELIADOURA

[Versión 1.1 - novembro 2022]

Sumario

1. Introducción.....	3
1.1. Datos básicos do centro.....	3
1.2. Contextualización. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro.....	3
1.3. Breve xustificación do mesmo.....	4
1.4. Proceso de elaboración.....	4
2. Situación de partida.....	5
2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais.....	5
2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO.....	6
2.3. Análise DAFO.....	7
3. Plan de Acción.....	9
3.1. Obxectivos, indicadores e accións.....	9
3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas.....	9
3.3. Táboas do Plan de Acción.....	9
4. Avaliación do plan.....	19
5. Difusión do plan.....	20

1. Introducción

1.1. Datos básicos do centro

O IES Leliadoura inaugurouse en outubro do ano 1995 ao amparo da Lei Orgánica de Ordenación Xeral do Sistema Educativo (LOXSE) co nome de Instituto de Educación Secundaria Frións, renomeado posteriormente como IES Leliadoura.

O IES Leliadoura esta situado en Ribeira (provincia de A Coruña), unha vila a carón do mar cunha profunda tradición mariñeira, no extremo norte da Ria de Arousa. O centro esta situado nas aforas da vila nun lugar elevado, polo que a maioría dos alumnos chegan en transporte particular ou publico procedentes das parroquias de Aguiño, Artes, Carreira, Corrubedo e Olveira, ten un tamaño considerable, e as súas instalacións gozan de todos os servizos desexables.

Ademais da educación secundaria obrigatoria e o bacharelato, no centro impártense varios ciclos de formación profesional dende o básico ata superiores, relacionados coa informática e a administración. O centro conta cun claustro de 65 profesores e o número de alumnado matriculado ronda os 553.

1.2. Contextualización. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro

Tal como se recolle no Proxecto Educativo de Centro, este instituto defínese ideoloxicamente pluralista e democrático, respectando a evolución do alumnado e tendo en conta os valores democráticos, moi especialmente os da tolerancia e o respecto, igualdade, inclusión, participación, solidariedade e resolución pacífica e dialogada dos conflitos. Procuramos ofertar unhas ensinanzas proveitosas e prácticas que axuden ao noso alumnado a exercer no futuro unha cidadanía crítica, responsable e participativa, promovendo a igualdade de xénero e potenciando a igualdade de oportunidades entre os e as adolescentes, sexa cal sexa a súa condición, coa finalidade de educar en igualdade, erradicar estereotipos e discriminacións por razón de relixión, sexo, de identidade de xénero ou de orientación afectivo-sexual e previr as súas consecuencias.

O noso centro procura un modelo de xestión participativo e democrático que facilitará que todos os estamentos que o compoñen dispoñan dos medios de información, consulta e participación necesarios para garantir unha consecución dos obxectivos comúns. A participación do alumnado é imprescindible para a súa integración no funcionamento do centro e tamén para a súa formación como persoas activas, membros dunha sociedade democrática.

Contribución ao proxecto educativo:

Un dos puntos forza do noso PE é a promoción e potenciación tanto da igualdade de xénero, como da igualdade de oportunidades entre todo o alumnado. Porén, hoxe e día, é fundamental garantir un acceso á educación en igualdade de condición. Tendo en conta que cada vez máis as novas tecnoloxías son una ferramenta básica e esencial para a formación educativa e persoal, resulta imprescindible manter actualizado un plan de xestión dos recursos dixitais cos que pode contar, ou pode necesitar o centro. Xa que logo p Plan dixital convértese nun elemento imprescindible para detectar as necesidades que poidan ter calquera membro da comunidade educativa: información na páxina web, falta de ordenadores nas casas e/ou unas aulas, uso de aplicación abalar, etc.

Contribución a programación xeral anual do curso 22/23:

O Plan Dixital terá un apartado propio dentro da PXA do vindeiro curso. De todos xeitos tamén poderá ser tratado de forma transversal en diferentes apartados da PXA, sobre todo naqueles que teñen que ver co parte curricular e académica.

1.3. Breve xustificación do mesmo

A necesidade da realización do Plan Dixital do noso centro, baséase no seguinte marco normativo:

- Art. 111 bis, Art. 121 e Art. 132 da LO 2/2006, de 3 de maio, de Educación
- Disposición adicional quinta da Resolución do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de EI, EP, ESO e bacharelato no curso académico 2021-2022
- Disposición adicional terceira da Resolución do 18 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento dos ciclos formativos de FP do sistema educativo no curso 2021- 2022
- Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022

1.4. Proceso de elaboración

O equipo de elaboración do Plan Dixital do centro está composto por:

- Marco Magán Sanz
- Carmen Bueno Lema
- Gonzalo Rodríguez Osorio
- Bautista Ramos Saíñas
- Jose Antonio Pérez Fernández

Para a elaboración deste plan fixéronse reunións periódicas do equipo distribuindo o traballo e planificando a realización dunha serie de enquisas para obter unha análise da situación de partida do centro. Grazas a estes datos, elaborouse un DAFO para determinar obxectivos e liñas de acción sobre as que traballar para o próximo curso.

2. Situación de partida

2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais

O IES Leliadoura ten a seguinte infraestrutura e servizos:

- Conectividade:
 - Conexión a Internet: dispoñemos dunha conexión de fibra de 500 Mbps.
 - Red LAN: os departamentos e aulas das 3 plantas do IES están cableadas. O rack principal esta na aula 212 e de ahí distribúese aproximadamente a outros 20 racks, con seus patch panels e switches.
 - Rede wifi Escolas conectadas: nos departamentos e aulas das 3 plantas do IES tamén están puntos de conexións á rede wifi Escolas Conectadas.
 - Rede Abalar: as aulas de 1º e 2º de ESO están conectadas á rede wifi Abalar.
 - Voz: VoIP está dispoñible nas tres plantas do edificio.
- Equipamento:
 - 3 aulas dixitalizadas, con imaxe Abalar, de uso compartido para ESO e Bacharelato.
 - 4 aulas dixitalizadas, con imaxe Windows-Linux, para uso dos ciclos superiores de informática.
 - 4 aulas dixitalizadas, con imaxe Windows, para uso dos ciclos de administrativo.
 - 2 aulas dixitalizadas, con imaxe Windows-Linux, para uso da FP Básica de informática.
 - 8 aulas con notebooks Abalar para os alumnos (algo desfasados).
 - 10 equipos, con imaxe Windows, en conserxería, administración, dirección e outros despachos
 - 10 equipos antigos, con imaxe Abalar, na biblioteca de uso libre para o alumnado
 - 2 equipos, con imaxe Windows, e 3 Equipos, con imaxe Abalar, en Sala de profesores.
 - 20 equipos instalados nos distintos departamentos do centro
 - 40 equipos ultraportátiles para aula móbil
 - 1 equipo, con imaxe Windows, para o proxecto RAOGAL
 - Todas as aulas dispoñen de portátil ou PC para o profesor e máis un proxeccionador
 - Un porcentaxe alto das aulas dispoñen tamén de pizarras dixitais
 - Impresora 3D
 - Material de Robótica
 - 12 impresoras
 - 2 fotocopiadoras
- Servizos:
 - Aula Virtual do centro: Moodle.
 - Páxina Web: Drupal 6
 - Espazo Abalar: utilizado para comunicación coas familias e alumnado
 - Servidor de controlador de dominio AD.
 - Servidor de ficheiros

- Control de acceso a internet mediante proxy
- Xestión de incidencias TIC : aplicación web GLPI en rede local.
- Equipo de Gardas de Rede – Coordinación TIC
- Servidor de aplicacións para ciclos de Administrativo.

2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO

Resumo das áreas SELFIE

Areas	Grupos	Nivel educativo		
		ESO	Bacharelato	FP
A - Liderado	Equipo Direct.	2,6	2,7	2,4
	Profesorado	3,5	3,8	2,8
	Alumnado			
B - Colaboración e redes	Equipo Direct.	2,1	2,8	2,4
	Profesorado	3,2	3,3	2,9
	Alumnado	2,6	2,4	3,2
C - Infraestruturas e Equipos	Equipo Direct.	3,8	4	3,6
	Profesorado	3,8	4,2	3,6
	Alumnado	3,4	3	3,9
D - Desenvolvemento profesional continuo	Equipo Direct.	3,6	3,7	3,5
	Profesorado	3,6	3,6	3,1
	Alumnado			
E - Pedagogía: Apoio e Recursos	Equipo Direct.	3,9	3,3	3,5
	Profesorado	4,3	4,5	4,3
	Alumnado	3,9	3,4	4,3
F - Pedagogía: Implementación na aula	Equipo Direct.	2,8	2,3	2,8
	Profesorado	3,9	4,2	3,9
	Alumnado	3,1	2,6	3,5
G - Prácticas de avaliación	Equipo Direct.	2,6	2,1	2,6
	Profesorado	3,6	3,9	3,5
	Alumnado	2,6	2,3	3,6
H - Competencias dixitais do alumnado	Equipo Direct.	3,2	3,4	2,6
	Profesorado	3,5	3,5	3,4
	Alumnado	3	2,7	3,8

Test CDD:

Participación segundo perfil do profesorado

	N.º profesorado que participa	N.º profesorado total	% participación
DEFINITIVO	17	36	47,2 %
PROVISIONAL	10	21	47,6 %
INTERINO	1	1	100 %
SUBSTITUTO	3	9	33,3 %
DESPRAZADO	4	8	50 %

Puntuación e nivel de competencia do centro

Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
94,5	Integrador/a (B1)	76,4	Integrador/a (B1)

Puntuación e nivel de competencia por etapas

	Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
ESO	107,9	Experto/a (B2)	80,3	Integrador/a (B1)
BAC	79,4	Integrador/a (B1)	79,2	Integrador/a (B1)
F.P	80,9	Integrador/a (B1)	77,9	Integrador/a (B1)

Distribución do profesorado por niveis

	Total profesorado no nivel de competencia	% de profesorado participante neste nivel
A1	-	-
A2	5	14,3 %
B1	15	42,9 %
B2	9	25,7 %
C1	5	14,3 %
C2	1	2,9 %
TOTAL	35	-

2.3. Análise DAFO

A partir do Informe SELFIE, TCDD e outras fontes, o centro xerou unha análise DAFO que permite o coñecemento da realidade do centro no eido dixital e facilita a elaboración das liñas fundamentais do Plan Dixital en termos de obxectivos e accións a desenvolver.

INTERNOS		FORTALEZAS	DEBILIDADES
CATEGORÍAS	INFRAESTRUTURAS-EQUIPAMENTO	Dispositivos dixitais para ensinanza Protección de datos	Limitacións de espazo escolar Equipo dixital insuficiente/antigo
	PERSOAL DOCENTE	Uso de recursos educativos en liña Emprego de contornas virtuais Adaptación da docencia ao uso de ferramentas dixitais Creación de recursos dixitais	Baixa sensación de competencia dixital Adopción da tecnoloxía Non se utilizan ferramentas dixitais para avaliar o proceso de ensinanza e aprendizaxe Baixo uso de ferramentas dixitais de coevaluación
	PERSOAL NON DOCENTE		
	ALUMNADO	Acceso a dispositivos dixitais fora do centro Alta autonomía na casa á hora de usar ferramentas dixitais para a docencia Implicación do alumnado en actividades con ferramentas dixitais	Dificultade para atopar información na web do centro Falta de uso de tecnoloxías dixitais para autoavaliarse e autorreflexión Pouca asistencia técnica recibida Poucos proxectos interdisciplinarios con uso das tecnoloxías Alta sensación do profesorado (ESO e BACH) de uso de tecnoloxías dixitais para fomentar a creatividade non recibida polo alumnado (baixa puntuación). Alta sensación do profesorado (ESO e BACH) de uso de tecnoloxías dixitais para adaptar ás

			necesidades individuais non recibida polo alumnado (baixa puntuación) Alta sensación do profesorado (ESO e BACH) de uso de tecnoloxías dixitais para retroalimentación e auto reflexión non recibida polo alumnado (baixa puntuación)
	FAMILIAS	Uso de tecnoloxías dixitais para facer deberes na casa	
	OFERTA	Departamento de informática con competencias dixitais por riba da media do centro	
	ORGANIZACIÓN DO CENTRO	Uso de tecnoloxías para comunicacións Asistencia técnica Apoio para o uso de novas formas de docencia dixital Uso da aula virtual moi estendido	Pouco tempo liberado para asistencia técnica do profesorado encargado Falta dunha estratexia dixital clara Diferencia importante entre a sensación do equipo directivo (baixa) e o profesorado (alta) á hora de elaborar recursos dixitais

EXTERNOS		OPORTUNIDADES	AMEAZAS
CATEGORÍAS	ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA	Acceso a actividades de desenvolvemento profesional continuo	
	LEXISLACIÓN		
	CONTORNA		Baixa participación e colaboración coas empresas para a estratexia dixital
	ANPA		
	FAMILIAS	Uso habitual das tecnoloxías nos fogares	Baixa competencia dixital das familias Alto uso das tecnoloxías para ocio: redes sociais, videoxogos...

3. Plan de Acción

Con independencia das necesidades ou propostas de mellora suxeridas, en cada curso escolar o Plan de Acción deberá ter en conta os recursos materiais e humanos no momento de elaboración do Plan Dixital, así como reavaliar a situación e necesidades da comunidade educativa.

3.1. Obxectivos, indicadores e accións

Á hora de elixir os obxectivos, a idea principal foi a de plantexalos realistas e no prazo dun curso ou máximo dous. A idea sempre foi a de obter resultados o antes posible e así poder facer unha análise de cara a evolucionar e mellorar o Plan Dixital.

Os obxectivos contextualizáronse nas áreas de mellora do marco DigComOrg, quedando recollido nas táboas do Plan de Acción. Para cada obxectivo elaborouse unha táboa, que recolle os indicadores de partida e chegada, os responsables do seu cumprimento e temporización de cada acción, permitindo así o seguimento e cumprimento dos mesmos.

3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

Moito do traballo do equipo de dinamización TIC e mantemento do centro é debido a problemas na rede. Nalgúns casos, detéctase cableado e equipamento antigo, con especificacións inferiores á Gigabit. Para que todas as aulas e equipos podan aproveitar a conexión a internet correctamente e evitar problemas, é necesario homoxeneizar a rede o máximo posible.

Debido a que actualmente o centro dispón de dúas redes diferentes, para poder empregar indistintamente todo tipo de dispositivos, sería prezos finalizar a unificación completa da rede inalámbrica e cableada, estando completamente comunicadas e permitindo o acceso entre dispositivos independentemente de como estean conectados.

Durante o proceso de análise, detectáronse carencias na web de centro. Algúns destes problemas poden ser corrixidos na versión actual de Drupal, pero existen outros, como realizar un deseño responsive, que non permite actualmente. Moitos destes problemas quedarían resoltos ou minimizados actualizando a versión de Drupal a última ou migrando a outro CMS coma Wordpress.

Outro problema habitual é a carga de traballo do coordinador Abalar xa que moitos dos equipos fallan e son antigos, enviando moitas veces dende a Consellería equipamento sen revisar e en peor estado que o que se atopa no centro. É necesario renovar este equipamento para seguir traballando correctamente a aproveitalo o máximo posible este proxecto por parte do profesorado, integrando así o máximo posible as ferramentas dixitais na docencia.

Hai varias pizarras dixitais con problemas, que non permiten un traballo adecuado e quitan motivación ao profesorado para elaborar materias de traballo na aula integrando o seu uso.

3.3. Táboas do Plan de Acción

“Área de mellora”: Infraestrutura (C)						
OBXECTIVO 1:	Mellorar a páxina web do centro				Acadado	
RESPONSABLE:	Coordinador/a TIC				Non acadado	
INDICADOR DO OBXECTIVO	Acadar un 50% da comunidade educativa satisfeita coa nova imaxe da páxina web					
Valor de partida	Máis do 50% da comunidade educativa non lle gusta o formato da páxina web do centro					
Valor previsto e data	Máis do 50% da comunidade educativa satisfeita coa nova imaxe da páxina web			Data: Xuño 2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
A01.1: Cambiar estrutura da páxina web	Equipo de coordinación TIC Responsable da páxina web	1º trimestre 2022-2023	Equipo informático con conexión internet		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A01.2: Actualizar contidos páxina web	Equipo de coordinación TIC Responsable da páxina web	Todo o curso 2022-2023	Equipo informático con conexión internet		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A01.3: Facer enquisa a toda a comunidade educativa	Equipo directivo	3º Trimestre 2022-2023	Ferramentas corporativas: abalar, aula virtual e correo edu.xunta		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

“Área de mellora”: Prácticas de avaliación (G)						
OBXECTIVO 2:	Mellorar a retroalimentación e a autoavaliación na Aula Virtual				Acadado	
RESPONSABLE:	Coordinador/a TIC / Equipo Gardas rede				Non acadado	
INDICADOR DO OBXECTIVO	Acadar un 50% da comunidade educativa satisfeita coa mellora proposta na aula virtual					
Valor de partida	Mais do 80% da comunidade educativa non utiliza a retroalimentación e a autoavaliación					
Valor previsto e data	50% da comunidade educativa utilice a retroalimentación e autoavaliación			Xuño 2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
A02.1: Planificación da actividade formativa para acadar a mellora	Equipo de coordinación TIC	1º trimestre 2022-2023	Material e guía de apoio		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A02.2: Realización da mellora en actividades da aula virtual	Equipo de coordinación TIC Profesorado implicado	Todo o curso 2022-2023	Relación das actividades a mellorar		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A02.3: Realización de enquisa	Equipo directivo	3º trimestre 2022-2023	Ferramentas corporativas: abalar e aula virtual		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

“Área de mellora”: Infraestrutura (C)						
OBXECTIVO 3:	Mellorar os equipos portátiles dos postos do alumnado				Acadado	
RESPONSABLE:	Consellería de Educación				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	Dispor de novos equipos portátiles para o alumnado que non supoña a supresión do libro da materia					
Valor de partida	Equipos actuais antigos e desgastados polo seu uso					
Valor previsto e data	Novos equipos portátiles			Xuño 2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
A03.1: Petición de novos equipos portátiles	Equipo directivo Equipo de coordinación TIC	1º trimestre			Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A03.2: Concesión de novos equipos	Consellería de Educación	1º trimestre			Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A03.3: Instalación / Configuración dos novos portátiles	Equipo de coordinación TIC	1º trimestre 2º trimestre			Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

“Área de mellora”: Infraestrutura (C)						
OBXECTIVO 4:	Estandarizar, actualizar e mellorar os postos informáticos do profesorado nas aulas de ESO e Bacharelato				Acadado	
RESPONSABLE:	Equipo de coordinación TIC				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	Número de postos actualizados					
Valor de partida	0 postos estandarizados					
Valor previsto e data	100 % de postos actualizados			Decembro 2022		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
A04.1: Analizar e determinar as necesidades comúns de todos os postos.	Equipo de coordinación TIC	10/2022			Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A04.2: Diseñar a configuración óptima dos postos.	Equipo de coordinación TIC	11/2022			Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A04.3: Solicitar e instalar SSD nos equipos con disco duro.	Equipo de coordinación TIC Equipo directivo do centro	11/2022			Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

A04.4: Solicitar equipos novos para as aulas que o precisen.	Equipo de coordinación TIC Equipo directivo do centro	11/2022			Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A04.5: Editar e configurar unha imaxe da maqueta Abalar segundo o analizado e deseñado.	Equipo de coordinación TIC	12/2022			Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A04.6: Instalar imaxe actualizada Abalar e adaptar os postos do profesor das distintas aulas á configuración deseñada.	Equipo de coordinación TIC	12/2022			Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

“Área de mellora”: Desenvolvemento profesional (D)						
OBXECTIVO 5:	Formación do profesorado no uso dos equipos do seus postos nas aulas de ESO e Bacharelato				Acadado	
RESPONSABLE:	Equipo de coordinación TIC. Dirección.				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	Número de participantes na formación					
Valor de partida	-					
Valor previsto e data	Máis do 50% de participación no curso da aula virtual e/ou na formación			Remate do curso 2022/23		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
A05.1: Solicitar PFP para desenvolver a formación.	Dirección	10/2022			Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A05.2: Definir un listado de tarefas e problemas habituais nos postos Abalar do profesorado.	Equipo de coordinación TIC	11/2022			Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A05.3: Elaborar manuais sobre o uso dos postos do profesorado nas aulas de ESO e Bacharelato.	Equipo de coordinación TIC	1/2023			Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

A05.4: Facer accesibles os recursos a todo o profesorado a través da web e da rede do centro.	Equipo de coordinación TIC Responsable da web	01/2023	Web do centro		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A05.5: Preparar sesións de formación.	Equipo de coordinación TIC	01/2023			Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A05.6: Fomentar a participación na formación e lectura dos recursos creados.	Equipo de coordinación TIC Dirección	01/2023			Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

“Área de mellora”: prácticas de ensinanza e aprendizaxe (F)						
OBXECTIVO 6:	Implementar proxectos interdisciplinarios nos que participe o alumnado				Acadado	
RESPONSABLE:	Xefatura de estudos				Non acadado	
INDICADOR DO OBXECTIVO	Número de aulas que participan					
Valor de partida	0 aulas participan en proxectos interdisciplinarios					
Valor previsto e data	Máis da terceira parte das aulas participan nalgún proxecto interdisciplinar			Final do curso 2022/23		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
A06.1: Definir e acordar proxectos a elaborar	Xefatura de estudos	Ao comezo de cada trimestre			Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A06.2: Difundir os proxectos na páxina web do centro	Responsable da páxina web	Ao comezo de cada trimestre	Páxina web do centro		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A06.3: Creación de un curso na aula virtual para cada proxecto	Responsables da aula virtual	Ao comezo de cada trimestre	Aula virtual do centro		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

A06.4: Utilizar ferramentas dixitais para desenvolver os proxectos	Titores e profesores	Ao final do trimestre	Aulas informáticas Conexión a internet		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A06.5: Obter e difundir os resultados de cada proxecto	Titores Responsable da páxina web	Ao final de cada trimestre	Equipos informáticos Web do centro		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

4. Avaliación do plan

A frecuencia de avaliación procesual (seguimento do proceso), realizarase como mínimo unha vez ao finalizar cada trimestre para valorar o estado de execución das accións, a análise e valoración dos resultados. Xunto con esta análise, decidirase se precisa modificación o Plan de Acción e valoraranse propostas de mellora.

De cara a unha avaliación final, revisarase a analizarase anualmente ao remate do curso, deseñando unha nova versión do Plan Dixital de cara ao seguinte curso. Aquí, validarase o logro dos obxectivos marcados no Plan de Acción.

5. Difusión do plan

A principal vía de comunicación do Plan Dixital entre o profesorado do centro será explicándoo en claustro. Así mesmo, o centro dispón de outros medios dixitais propios para a difusión do propio plan e dos obxectivos, como a páxina web e o correo electrónico.

De cara ao alumnado e familias, para intentar integralos nesta evolución dixital do centro, os titores e todo o profesorado deberán colaborar difundindo a información necesaria para a súa participación.